

## **Participación no fondo solidario de libros de texto para ESO e axudas para adquirir material escolar para o todo alumnado de ESO.(Orde do 3 de maio de 2019, DOG Núm.94 do 20 de maio de 2019)**

A solicitude será única para todos os fillos/as e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2019/20, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso. A solicitude presentarse no formulario normalizado do anexo I que pode obterse no Centro, na páxina web do Centro ou na páxina web da Consellería de Educación.

### **Asignación de libros e contía das axudas**

1.- A asignación de libros correspondentes a todos cursos da ESO, que estean dispoñibles no fondo solidario do centro, efectuarase:

- a) Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.
- b) Terá preferencia para esta adxudicación o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, con independencia da renda.

c) Garantizarase:

- Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 €: seis libros de texto.

- Ao alumnado con renda per cápita superior a 5.400 € e igual ou inferior a 9.000 €: catro libros de texto.

- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: seis libros con independencia da renda.

2.- A contía de axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en ESO con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400€ será de 50€; para o alumnado con necesidades específicas de apoio con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400€ será de 170€ e con renda per cápita familiar superior a 5.400€ e igual ou inferior a 9.000€ de 104€.

**Cálculo da renda per cápita familiar: sumaranse os recadros 415 e 435 da declaración da renda do ano 2017 e o resultado dividirase entre o número de membros da unidade familiar computables, tendo en conta que, computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou a equivalente a clases pasivas.**

Para os efectos desta orde, terán consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2017, agás no relativo á violencia de xénero que se aplicará o disposto na lexislación específica.

### **Presentación de solicitudes**

As solicitudes deberán presentarse en soporte papel, preferiblemente no centro docente, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Este formulario (anexo I) tamén estará dispoñible no portal educativo, enderezo <http://www.edu.xunta.gal> ou nas dependencias das xefatura territoriais da consellería, na páxina web e na conserxería do centro.

### **Documentación**

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.

b) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na falta desta, o certificado tributario de imputacións no exercicio 2017 da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.

b) Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33 %).

En ambos os casos, a data de referencia é o 31 de decembro de 2017.

2. No caso de que as persoas interesadas (a persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### **Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:**

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (Anexo I) a seguinte documentación:

a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2017, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

2º. Certificado ou volante de convivencia.

3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

c) Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) A incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titores carezan de DNI e NIE.

2. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65 %: certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

3. Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia: copia da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores.

**IMPORTANTE:** O alumnado que repita 4º de ESO e aquel que non teña praza en formación profesional básica no curso 2019/2020 e formalice a matrícula no curso de ESO que lle corresponda, cando non tivese presentado solicitude de participación no fondo solidario e a solicitude para adquirir material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala en prazo dun mes desde a formalización da matrícula.

### **O prazo de presentación de solicitudes remata o 21 de xuño (este incluído).**

**NOTA: Con fin de axilizar a tramitación prérgase entregar a solicitude antes do 14 de xuño de 2019**

**IMPORTANTE: Todo o alumnado que participa no programa de Fondo Solidario deberá devolver os libros en bo estado ao rematar o presente curso.**